

EXCURSIÓN DE TECNOLOXÍA A RIBADEO

O día 28 de marzo fomos de excursión a Ribadeo (Lugo). Saímos do instituto ás 9 da mañá. A verdade é que non ía moi bo día, estaba chovendo e facía algo de frío. Menos mal que nos autobuses estabamos moi ben. Levounos dúas horas, máis ou menos, chegar a Ribadeo.

Cando chegamos, o primeiro que fomos ver foi a "Casa da Ría". Alí había animais relacionados coa ría, estruturas e incluso os tipos de area que había na ría. Tamén vimos un observatorio de estrelas. Cando entramos dentro, o guía fixo xirar o teito no que había estrelas. Explicounos que dende alí as estrelas víanse moi ben. Había un telescopio moi grande.

Ao saír de alí fomos ver unha exposición de tecnoloxía nun instituto. Cando chegamos, dividíronnos en grupos e en cada un tiñamos un guía. Fomos vendo a exposición e algúns dos experimentos foron:

- Como facer apagar unha vela con bicarbonato e auga.
- Os materiais illantes e conductores.
- Se poñemos un coador encima dunha vela, esta non se apaga.
- O aceite queda por riba e a auga por baixo.
- Como saber a túa masa corporal... etc.

Cando acabamos de ver a exposición fomos xantar. Tiñamos pensado facelo na praia das catedrais, pero o tempo impedíunolo. Ao final tivemos que xantar nun pavillón de Ribadeo. Ao acabar, algún dos compañeiros e



algún que outro profesor xogaron ao fútbol e ao baloncesto. Cando chegaron as catro da tarde subimos ao autobús e marchamos. No autobús pasámolo bastante ben, algúns compañeiros/as estiveron cantando, xogando... e outros estivemos falando.

Chegamos a Melide sobre as seis da tarde, máis ou menos. A verdade é que o pasamos bastante ben. De feito era a primeira excursión que faciamos e o único problema que tivemos foi o tempo, que non foi nada bo. Estivo chovendo case todo o día, pero aínda así pasámolo bastante ben.

A excursión a Ribadeo foi moi boa, e a experiencia foi tamén boa.

Cristina Corral Expósito, S1C

O día 28 de marzo de 2007 fomos de excursión a Ribadeo para ver unha exposición duns alumnos dun instituto, a praia das catedrais, e un mirador de estrelas que se chamaba "Casa da ría".

Primeiro vimos a exposición de tecnoloxía no instituto "Porta da auga". Era inmensa e estaba chea de ex-

perimentos difíciles. A nós tocounos un guía un pouco especial.

Despois, a causa da chuvia, non puidemos ir á praia, pero ten fama de ser moi bonita.

Logo fomos ver o mirador no que había maquetas de Ribadeo, de parte de Asturias e dos animais que habitan na ría. Tamén vimos o telescopio, que custaba seis millóns de pesetas, e a súa cúpula.

A continuación fomos comer ao pavillón municipal o bocadillo e as bebidas que levabamos. Despois de comer, os profesores trouxéronnos uns balóns para xogar. Xogamos: Blas, Noel, o profesor e eu. Ao finalizar o partido, descansamos uns 15 minutos e de seguido tivemos que recoller para subir ao autobús e retornar para a casa.

Xa no autobús intentei buscar sitio, pero tiven que cambiar de autobús. Xa no novo, intentei durmir xa que viña moi cansado, pero foime imposible con todo o ruído que había.

Saímos ás 8:40 e chegamos ás 18 h.

RICARDO ARES OTERO, S1A